



Páxina principal

Actualidade

- Novas
- Lembra estas datas
- Destacados

O teu Concello

- Saúda do Alcalde
- Corporación Municipal
- O goberno municipal
- Grupos políticos
- Mancomunidade
- Padroado de Deportes
- Indicadores municipais
- Índices de transparencia

Actividade municipal

- Calendario de comisións
- Actas dos plenos
- Xuntas de goberno
- Listaxe de asociacións
- Entidades benestar social

O que che ofrece Ferrol

- Como chegar?
- Programación cultural
 - Axenda cultural
 - Teatro Jofre
 - Torrente Ballester
 - Centro cívico Caranza
 - Carvalho Calero
 - Exposicións
- FIMO
- Turismo
- Para comer e durmir
- Para ir de copas
- Visitas obrigadas
- Rutas por Ferrol
- Ferrol en fotos

Servizos

- Votas civís
- Teléfonos de interese
- Transporte urbano
- Transporte interurbano
- Transporte marítimo
- Obxectos perdidos
- Cortes de tráfico

Administración

- Contratación
- Normativa
 - Normativa municipal
 - Ordenanzas fiscais
 - Orzamentos
 - Calendario fiscal
 - Outros documentos
- Recursos Humanos
 - Bolsa de traballo
 - Oferta pública de emprego
 - Outras contratacións
 - Lexislación
- Taboleiro de anuncios
- Trámites
 - Descarga de impresos



O alcalde de Ferrol presidiu os actos institucionais conmemorativos do 120 aniversario do falecemento de Concepción Arenal

Venres, 8 de febreiro de 2013

Jose Manuel Rey Varela fixo unha ofrenda floral aos pés do monumento á humanista e intelectual, falecida en 1893

[Voltar](#) |
 [Versión para imprimir](#) |
 Compartir:
 [f](#)
[t](#)
[v](#)
[g+](#)
[p](#)
[e](#)

O alcalde de Ferrol, Jose Manuel Rey Varela, presidiu o luns, día 4 de febreiro, a conmemoración do 120 aniversario do falecemento de Concepción Arenal. Os actos institucionais consistiron nunha ofrenda floral aos pés do monumento da ilustre ferrolá, situado na avenida de Esteiro, e no mesmo asistiron representantes dos grupos municipais de PP, PSOE e IF; así como da Asociación Veciñal de Esteiro e do Real Coro Toxos e Flores. A conmemoración contou coa participación da Banda de Musica Ferrolá.

Na súa intervención, Rey Varela, sinalou que este recoñecemento a Concepción Arenal ten lugar unha semana despois de que o Concello de Ferrol fixera o propio con outro dos seus fillos ilustres: don Gonzalo Torrente Ballester, o que interpretou como “unha mostra de que Ferrol debe e ten que enorgullecerse do seu pasado, de que debemos reivindicarlo para gañar o futuro”. Nesta liña, o primeiro edil da cidade reivindicou a figura de Concepción Arenal “unha intelectual de primeira talla, unha humanista no máis amplo sentido da palabra e unha avanzada no tempo que lle tocou vivir”. Así, Rey Varela referiuse ao seu papel como pioneira do movemento feminista en España e subliñou a súa postura abolicionista da pena de morte e o seu traballo a prol de mellorar o sistema carcerario español. “O nome de Concepción Arenal da prestixio aos premios de investigación en Humanidades que o

Concello de Ferrol impulsa conxuntamente coa Universidade da Coruña dende o ano 1998; e tamén designa a un instituto da nosa cidade”, lembrou o alcalde para por de manifesto que o recordo desta intelectual “segue hoxe moi vivo na nosa cidade; e vinculado á formación, a investigación e a educación, uns ámbitos que marcaron a súa vida”, dixo.

O rexedor ferrolá mostrou o seu convencemento de que “unha muller como Concepción Arenal, que sempre se postulou a favor de axudar aos colectivos con maiores dificultades e da igualdade de oportunidades, estaría satisfeita de comprobar a importancia que teñen as políticas sociais e de benestar no que é o seu Concello”. Para rematar, Rey Varela insistiu en que “debemos seguir o sendeiro que deixaron sinalado concidadáns como don Gonzalo ou Concepción Arenal para gañar o noso futuro; para contribuír a unha sociedade mellor e máis xusta. Eles son parte da historia de Ferrol. Eles son Ferrol”.

SAÚDA DO ALCALDE



José Manuel Rey Varela

PLAN URBAN



AXÚDENOS A MELLORAR



FERROL CULTURA



FERROL